

POBOACIÓN E ECONOMÍA EN ESPAÑA E EUROPA

NOME:.....Nº.....

1. A demografía é...

- ☐ A ciencia que estuda as poboacións humanas e analiza aspectos como a súa estrutura, distribución, evolución e crecemento.
- ☐ A ciencia que estuda as poboacións humanas que viven nun territorio.
- ☐ A relación que hai entre o número total de xente que vive nun lugar e a extensión dese lugar.

2. Algúns dos principais criterios de agrupamento da poboación son por...

- ☐ Altura, sexo e idade.
- ☐ Sexo, idade e residencia.
- ☐ Idade, residencia e altura.

3. A cantidade total de persoas que habitan un territorio chámase...

- ☐ Poboación absoluta.
- ☐ Poboación relativa.
- ☐ Densidade de poboación.

4. Os factores que determinan o reparto na distribución da poboación son:

- ☐ Físicos: relacionados co clima e o relevo.
- ☐ Humanos: relacionados coa economía e con traballo.
- ☐ As respostas A e B son correctas.

5. As migracións son...

- ☐ Movementos da poboación que se trasladan dun lugar a outro para vivir.
- ☐ Movementos da poboación que se van de aquí a outro lugar a vivir.
- ☐ Movementos da poboación que veñen doutro lugar de vacacións aquí.

6. O éxodo rural é un tipo de...

- ☐ Migración interior.
- ☐ Migración exterior.
- ☐ Migración do campo á cidade.
- ☐ A e C son correctas.
- ☐ B e C son correctas.

7. A densidade de poboación calcúlase...

- ☐ Dividindo o número total de habitantes entre a superficie do territorio en Km².
- ☐ Dividindo o número de nacementos entre a superficie do territorio en Km².
- ☐ Dividindo o número total de falecementos entre a superficie do territorio en Km².

8. A natalidade é a cantidade total de...

- ☐ Persoas que falecen nun territorio.
- ☐ Persoas que nacen nun territorio.
- ☐ A e B son correctas.

9. Para saber o crecemento real dun lugar precisamos saber...

- ☐ O crecemento natural e o número de migracións.
- ☐ O crecemento natural e o números de inmigracións.
- ☐ O crecemento natural e a resta entre nacementos e falecementos.

10. Un crecemento natural positivo significa que...

- ☐ Que hai más emigracións que inmigracións.
- ☐ Que hai máis falecementos que nacementos.
- ☐ Que hai máis nacementos que falecementos.

11. Un país pouco desenvolvido soe ter...

- ☐ Superpoboación, natalidade e mortalidade altas e unha mortalidade infantil alta.
- ☐ Superpoboación, natalidade alta e unha esperanza de vida máis alta.
- ☐ Superpoboación, natalidade baixa e unha mortalidade infantil alta.

12. A densidade de poboación en España concéntrase...

- ☐ Na zona do interior e nas grandes cidades.
- ☐ Nas zonas de costa, nas illas Canarias, illas Baleares e nas grandes cidades.
- ☐ Nas illas Canaria e Baleares e nas grandes cidades.

13. As características da poboación en España son...

- ☐ Crecemento natural negativo, crecemento real positivo, poboación avellentada e esperanza de vida moi alta.
- ☐ Crecemento real negativo, poboación avellentada e esperanza de vida moi alta.
- ☐ Crecemento natural y real positivo, poboación avellentada e esperanza de vida moi alta.

14. A industria, artesanía e produción da enerxía son actividades económicas do...

- ☐ Sector terciario.
- ☐ Sector primario.
- ☐ Sector secundario.

15. O sector primario engloba actividades económicas como...

- ☐ As comunicacións, transporte, sanidade, comercio, educación...
- ☐ A industria, artesanía e a produción de enerxía.
- ☐ A pesca, agricultura, gandería, minaría e silvicultura.

16. As organizacións que producen bens ou servizos para satisfacer as necesidades das persoas chámanse...

- ☐ Empresas.
- ☐ Sindicatos.
- ☐ Asociacións.

17. As empresas que teñen entre 51 e 250 empregados son clasificadas como...

- ☐ Pequenas empresas.
- ☐ Medianas empresas.
- ☐ Grandes empresas.

18. O gasto é...

- ☐ O consumo de bens e servizos.
- ☐ O diñeiro que sobra despois de satisfacer as necesidades básicas.
- ☐ O diñeiro destinado ao consumo.

19. Os gastos derivados de pagos illados como viaxes son denominados gastos...

- ☐ Fixos.
- ☐ Variables.
- ☐ Imprevistos.

20. En España o sector secundario ocupa unha porcentaxe do...

- ☐ 20% da poboación.
- ☐ 4% da poboación.
- ☐ 76% da poboación

21. En Europa as zonas de densidade moi alta atópanse no...

- ☐ Centro de Europa, Luxemburgo, Países Baixos, Bélxica, Alemaña e Francia.
- ☐ Norte de Europa: Islandia, Noruega, Finlandia e Suecia.
- ☐ Norte de Europa, Luxemburgo, Países Baixos, Bélxica, Alemaña e Francia.

22. En Europa o cultivo de trigo céntrase na...

- ☐ Conca do Mediterráneo.
- ☐ Gran Chaira Europea e Rusia.
- ☐ Ambas respostas son correctas

23. Dentro do sector da pesca, Europa é considerada como a...

- ☐ Primeira potencia pesqueira mundial.
- ☐ Terceira potencia pesqueira mundial.
- ☐ Segunda potencia pesqueira mundial.

24. Na explotación da minaría do carbón, os países europeos máis importantes son...

- ☐ Rusia e Noruega.
- ☐ Suecia, Francia e Ucraína.
- ☐ Reino Unido, Alemaña e Polonia.

25. O comercio polo miúdo é un tipo de actividade económica dentro do...

- ☐ Comercio exterior.
- ☐ Comercio internacional.
- ☐ Comercio interior.

26. A Unión Europea formouse en 1957 por...

- ☐ Alemaña, Francia, Luxemburgo, Países baixos, Bélxica e Italia.
- ☐ Alemaña, Francia, Luxemburgo, Países baixos, Bélxica e España.
- ☐ Alemaña, Francia, Luxemburgo, Reino Unido, Bélxica e Italia

27. España entrou na Unión Europea no ano...

- ☐ 1957
- ☐ 1986
- ☐ 1975

28. A actividade económica que consiste no traslado de persoas e mercadorías dun lugar a outro chámase...

- ☐ Turismo.
- ☐ Comercio.
- ☐ Transporte

29. O turismo que se desenvolve en pequenas localidades en que se está en contacto coa natureza e con formas de vida tradicional leva o nome de...

- ☐ Turismo rural.
- ☐ Turismo cultural.
- ☐ Turismo de sol e praia.

30. O principal destino turístico mundial é...

- ☐ América.
- ☐ Europa.
- ☐ Asia.

